

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico entre o persoal docente funcionario do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros que imparten ensinanzas de educación de persoas adultas dependentes desta consellería.

Mediante a Orde do 25 de novembro de 2024 convocouse concurso de traslados específico entre o persoal docente funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario e funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres, para cubrir prazas nos centros que imparten ensinanzas de educación de persoas adultas dependentes desta consellería (DOG n.º234, do 4 de decembro).

A base décimo oitava, sobre a resolución provisional do concurso, establece que unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes e, recibidas na Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional as actas da Comisión de Avaliación, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos ditará unha resolución en que aprobará e fará pública no portal da internet da Consellería, <http://www.edu.xunta.gal>, a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, coa especificación da/s causa/s de exclusión, das puntuacións provisionais asignadas a cada unha das persoas concursantes, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo II desta orde, e a adxudicación provisional.

Na súa virtude e, de conformidade co que antecede, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar e publicar na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal) destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de *do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario*, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos nos centros que alí se especifican.

Segundo. Aprobar e publicar as relacións provisionais de persoas excluídas do corpo de *do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario* na páxina web desta consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo oitava da Orde de 25 de novembro de 2024, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional por medios electrónicos mediante o trámite de «Alegacións» da súa solicitude de participación activado para este efecto na Carpeta cidadá, no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (www.edu.xunta.gal/).

Cuarto. Así mesmo, de conformidade coa base décimo oitava da Orde de 25 de novembro de 2024, o persoal concursante poderá presentar renuncia á súa participación neste concurso, por medios electrónicos, mediante o trámite de «Renuncia» da súa solicitude de participación activado para este efecto na Carpeta cidadá, no prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución.



Esta renuncia afectará a todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación. A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo na páxina web do concurso (www.edu.xunta.gal/cxt) na lapela habilitada para estes efectos.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base décimo novena da Orde do 25 de novembro de 2024.

Quinto. O persoal funcionario do corpo de *do corpo de catedráticos de ensino secundario, funcionario de carreira e en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario* que obteña destino definitivo para o curso 2025/26 nesta convocatoria non poderá obter destino no concurso xeral de traslados nin noutros que convoque esta consellería e, para estes efectos, será excluído da participación dos procedementos de provisión definitiva convocados este curso académico 2024/25.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo

